




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Costa de Santo Adrián a Roncudo. Municipio: Ponteceso.  
Parroquias: San Xoán de Niñóns ao norte e Santo Adrián de Corme Aldea a maior parte. Extensión:  
0,62km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Corredor tectónico deprimido e estreito que constitúe un rebaixe no macizo granítico de Roncudo. A fronte costeira fórmua unha enseada na que aparecen dous pequenos areais separados por un relevo residual na parte central. Aflora unha plataforma rochosa intermareal parcialmente fosilizada pola praia. Dúas fracturas xeran dous sucos cara ao interior, en pendente moderada. O noreste presenta un estreito fondo plano, o suroeste é máis modesto, unha simple valga. A ambos lados dos dous sucos desenvólven vertentes de pendente notable que moitas veces superan o 50%.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio Hercínico, con granito "Tipo Laxe", de dúas micas, de gran medio a grosso, lixeiramente orientado.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Pequena enseada pertencente ao dominio climático Cálido e Húmido. Temperatura media anual maior de 14°C e oscilación térmica que varía entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións rexistran valores acumulados ao longo do ano entre 1200mm e 1400mm.

#### OS SOLOS

Solos moi pouco desenvolvidos, con regosois en case toda a unidade, na vertente cara ao mar, agás unha estreita orla de cambisois dístricos no desfiladeiro aplanado de Pormeán e leptosois líticos nas pendentes acantiladas da esquina SO.

#### AS AUGAS

Dominada pola enseada de Barda, esta unidade caracterízase por presentar pequenos complexos sedimentarios en forma de praias aos que chega o arroyo de Carda, o seu principal curso fluvial. Procedente do sueste, este arroyo presenta un escaso desenvolvemento continental. A masa de Augas Costeiras que baña este tramo litoral é o 20134, localizado entre as puntas de Nariga e Roncudo.

#### O PATRIMONIO NATURAL

A metade inferior das ladeiras que conforman a unidade está incluída no LIC Costa da Morte. A costa encóntrase dentro do área de importancia para as aves (IBA) "Costa da Morte". É unha fronte mixta que desenvólve tanto o hábitat 1230 de cantís costeiros atlánticos como o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. No continente aparecen o hábitat de mato nas vertentes, é dicir, o 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. Os dous estreitos vales que verten na Praia da Barda conteñen algúns exemplares arbóreos ripícolas (91E0). No val máis ao oeste aparece unha pequena área hidromorfa. Varios afloramentos graníticos de entidade presentan o grupo de hábitats 82, "Vexetación rochosa con vexetación casmofítica".

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Os usos antrópicos directos do solo quedan restrinxidos a unha fileira de prados situados no val fluvial do arroyo da Barda, que cruza de sueste a noroeste o centro da unidade. O resto de coberturas repártese entre piñeirais de repoboación e, sobre todo, formacións vexetais costeiras compostas por matogueiras de ambientes acidófilos atlánticos. En canto ao que a vexetación se refire, destacan dúas pequenas masas de frondosas vinculadas ás canles fluviais nas proximidades da súa desembocadura no fondo da Enseada da Barda. Doutra banda, a lámina de auga de enseada é utilizada como porto natural para o amarre de embarcacións de pesca e/ou marisqueo. Os usos antrópicos directos do solo quedan restrinxidos a unha fileira de prados situados no val fluvial do arroyo da Barda, que cruza de sueste a noroeste o centro da unidade. O resto de coberturas repártese entre piñeirais de repoboación e, sobre todo, formacións vexetais costeiras compostas por matogueiras de ambientes acidófilos atlánticos. En canto ao que a vexetación se refire, destacan dúas pequenas masas de frondosas vinculadas ás canles fluviais nas proximidades da súa desembocadura no fondo da Enseada da Barda. Doutra banda, a lámina de auga de enseada é utilizada como porto natural para o amarre de embarcacións de pesca e/ou marisqueo.

#### MORFOLOXÍA

O relevo da unidade presenta unha disposición en forma de teatro semicircular ao redor do fondo da enseada, onde se localiza o eixo central deste territorio, constituído polas praias de Area Grande e Area Pequena, entre as cales se localizan as únicas edificacións da área, e á que chega a principal vía de comunicación. Estas edificacións probablemente correspóndense con construcións auxiliares para a actividade pesqueira que parte da enseada.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Unha vía municipal cruza a unidade de sur a norte, unindo as praias do fondo da Enseada de Barda coa estrada AC-424, nas proximidades de Guxín. Destas vías, parte cara ao noroeste un amplo viario destinado a dar servizo ao parque eólico que ocupa o alto das elevacións montañosas da parte occidental da unidade. Por outra banda, aínda que sen constituír unha infraestrutura, a lámina de auga da enseada é utilizada como zona de amarre de embarcacións dedicadas á pesca de baixura ou ao marisqueo, dadas as condicións de abrigo que esta ofrece.


#### PATRIMONIO HISTÓRICO

O carácter marxinal desta unidade respecto da ocupación humana, non impide que se rexistraran elementos patrimoniais no seu interior. Destacan, dentro do patrimonio arqueolóxico, os petróglifos de Monte Faro. Ademais, os cercados de pedra que parcelan estes montes conteñen un elevado valor patrimonial, xa que até non hai moito formaban parte das paisaxes rurais tradicionais desta comarca costeira.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A unidade mostra as características paisaxísticas inherentes a este tramo da Costa da Morte e nela aparece representada unha das pequenas baías que, entre as vertentes acantiladas e os promontorios rochosos, alternanse de forma continua. Trátase dunha área de marxe, con escasa densidade de poboación, na que os poucos usos existentes están vinculados a aproveitamentos en réxime extensivo do medio rural. A área conserva con todo, o sinal da paisaxe tradicional da zona o que unido ás súas agrestes fronteas costeiras e as praias, constitúen os principais atractivos paisaxísticos da unidade.

**DINÁMICA DA PAISAXE**



**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A paisaxe de fondo de baía, enmarcado por ladeiras acantiladas, correspóndese cunha das teselas máis características deste tramo costeiro. Como outras unidades do mesmo contexto, caracterízase pola baixa densidade de ocupación do territorio, polo gran desnivel dos relevos próximos á costa, e polas áreas ocupadas por especies arbustivas típicas de medios costeiros, así como por plantacións de piñeiros nas áreas máis accesibles. Como particularidade, debe mencionarse a presenza das praias e o factor de atracción de poboación que estas xogan. Considerando a accesibilidade, determináronse dous puntos de observación da unidade e do seu contexto. Desde o punto situado no promontorio entre as praias de Area Grande e Area Pequena tense unha excelente visual de toda a Enseada da Barda, así como das vertentes acantiladas que a encerran; mentres que desde o alto do Monte do Galiñeiro, onde se accede a través dos viarios do parque eólico, tense a perspectiva das praias integradas no conxunto da enseada e tómasse conciencia da disposición do relevo ao redor dela.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales                               |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



